

Artigo 5º.-*Os efectivos.*

Os efectivos corresponden ao número de unidades de traballo anual (UTA), é dicir, ao número de persoas que traballan na empresa en cuestión ou por conta da devandita empresa a tempo completo durante todo o ano de que se trate. O traballo das persoas que non traballan todo o ano, ou traballan a tempo parcial, independentemente da duración do seu traballo, ou o traballo estacional, cóntanse como fraccións de UTA. Nos efectivos contabilízanse as categorías seguintes:

a) Asalariados.

b) Persoas que traballan para a empresa, que teñan con ela un vínculo de subordinación e estean asimiladas a asalariados conforme dereito nacional.

c) Propietarios que dirixen a súa empresa.

d) Socios que exerzan unha actividade regular na empresa e gocen de vantaxes financeiras por parte da empresa.

Os aprendices ou alumnos de formación profesional con contrato de aprendizaxe ou formación profesional non se contabilizarán dentro dos efectivos. Non se contabiliza a duración dos permisos de maternidade ou dos permisos parentais.

Artigo 6º.-*Determinación dos datos da empresa.*

1. No caso de empresas autónomas, os datos, incluídos os efectivos, determinaranse unicamente sobre a base das contas da devandita empresa.

2. Os datos, incluídos os efectivos, dunha empresa con empresas asociadas ou vinculadas, determinaranse sobre a base das contas e demais datos da empresa, ou ben, se existen, sobre bases das contas consolidadas da empresa, ou das contas consolidadas nas cales a empresa estea incluída por consolidación.

Aos datos indicados no primeiro parágrafo agregaranse os datos das posibles empresas asociadas coa empresa en cuestión, situadas en posición inmediatamente anterior ou posterior a esta. A agregación será proporcional á porcentaxe de participación no capital ou nos dereitos de voto (á máis elevada destas dúas porcentaxes) En caso de participacións cruzadas, aplicarase a porcentaxe máis elevada.

Aos datos recollidos no primeiro e segundo parágrafo engadiráselles o 100% dos datos das empresas que poidan estar directa ou indirectamente vinculadas á empresa en cuestión e que non sexan incluídas nas contas por consolidación.

3. Para aplicar o número 2, os datos das empresas asociadas coa empresa en cuestión deben, proceder das contas, consolidadas se existen, e dos demais datos, aos cales se deberá engadir o 100% dos datos das empresas vinculadas a estas empresas asociadas, salvo se os seus datos xa se inclúsen por consolidación.

Para aplicar o devandito número 2, os datos das empresas vinculadas á empresa en cuestión deben proceder das súas contas, consolidadas se existen, e dos demais datos. A estes deberánselles agregar proporcionalmente os datos das empresas que poidan estar asociadas a estas empresas vinculadas, situadas en posición inmediatamente anterior ou posterior a estas, salvo se se inclúsen xa nas contas consolidadas nunha proporción polo menos equivalente á porcentaxe definida no segundo guión do número 2.

4. Cando nas contas consolidadas non consten os efectivos dunha empresa dada, calcularase incorporando de maneira proporcional os datos relativos ás empresas coas cales a empresa estea asociada, e engadindo os relativos ás empresas coas que estea vinculada.

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

Orde do 18 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para o acceso a axudas asistenciais dos/as mariscadores/as a pé.

A regulación da actividade de marisqueo a pé atópase recollida nos artigos 28 e seguintes da Lei 6/1993, do 11 de maio, de pesca de Galicia; no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de actividade pesqueira e marisqueira, así como na Orde do 31 de maio de 1995, pola que se regula a expedición e revalidación do permiso de explotación para exercer a actividade.

Esta normativa establece que, con carácter xeral, os mariscadores deben cesar na súa actividade, dándose de baixa no censo correspondente, no mesmo día que cumpran 65 anos, polo que, en tales circunstancias, poderían solicitar a correspondente pensión de xubilación, de conformidade coa normativa vixente en materia de Seguridade Social.

Durante moitos anos, as mariscadoras a pé non puideron darse de alta, como o resto dos traballadores do mar, no réxime especial da Seguridade Social do mar a pesar de estar desenvolvendo unha actividade profesional, contar cun título administrativo habilitante para o exercicio do marisqueo expedido pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e declarar ante as distintas administracións públicas o resultado da súa actividade.

A pesar da existencia da obriga de estar dada de alta no réxime especial do mar para poder renovar ou acceder ao permiso de explotación de marisqueo a pé establecida no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente

sobre o permiso de actividade pesqueira e marisqueira, así como na Orde do 31 de maio de 1995, pola que se regula a expedición e revalidación do permiso de explotación para exercer a actividade, este requirimento non se fixo efectivo ata o ano 2000 por parte da Administración autonómica.

Esta exixencia que legalmente estaba prevista desde o ano 1993 e 1995, supuxo, no ano 2000, que un colectivo importante de persoas abandonaran a actividade marisqueira por moi diversos motivos. Non obstante, houbo outro colectivo ao longo de todo o litoral de Galicia que, ante a denegación da renovación do permiso de explotación, defendeu lexitimamente os seus intereses mediante a presentación de recursos administrativos e contencioso-administrativos, baseados na imposibilidade legal de acadar os anos de cotización necesarios para acceder a unha pensión de xubilación ordinaria. Nestes procesos, nalgúns casos, os tribunais de xustiza, en primeira instancia admitiron as súas reclamacións, polo que estas mariscadoras seguiron desfrutando do correspondente permiso de explotación de marisqueo a pé sen a obriga de estar dadas de alta no réxime especial do mar.

A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos publicou a Orde do 8 de agosto de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para que os/as mariscadores/as a pé poidan completar os períodos mínimos de cotización ao réxime especial dos traballadores do mar co obxecto de acadar pensión de xubilación, e renovouna no ano 2008, pola que se establece unha liña de axudas asistenciais dirixidas a aquelas mariscadoras que, tendo cotizados un número determinado de anos, puidesen proceder ao pagamento das cotizacións para completar, mediante a subscripción dun convenio especial coa Seguridade Social, os seus períodos mínimos de cotización ao réxime especial dos traballadores do mar, co obxecto de acadar unha pensión de xubilación e, doutra parte, facilitar a súa subsistencia durante o transcurso do tempo necesario para completar aquelas cotizacións.

Non obstante o disposto nesta orde, existe un colectivo de mariscadoras/es con permiso de explotación en vigor e en activo no litoral de Galicia que, como consecuencia da non exixencia desta obriga en virtude de sentenza ou resolución xudicial, durante un determinado período de tempo estiveron exercendo a actividade de marisqueo a pé sen que lles for exixible a condición de estar dada de alta no réxime especial do mar e, polo tanto, sen que estiveren a cotizar.

A día de hoxe, este colectivo, que está dado de alta no REM non pode acceder nin á pensión de xubilación nin á anterior orde de axudas, xa que ante a falta de exixencia de estar dado de alta, non reúnen os períodos de cotización necesarios.

Tendo en consideración de que as/os mariscadoras/es obxecto desta orde non puideron acollerse ás ordes anteriores, faise necesario o establecemento de axudas asistenciais que permitan que estas/os mariscadoras/es dispoñan dos recursos necesarios para poder subsistir unha vez finalizaren a súa actividade profesional polo cumprimento da idade.

En consecuencia, facendo uso das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras das axudas asistenciais e de subsistencia para que as/os mariscadoras/es a pé que non se desen de alta no réxime especial do mar por ter resolución xudicial no seu día que lles eximía de tal obriga, que na actualidade están dadas de alta no réxime especial do mar e que teñen o permiso de explotación de marisqueo a pé en vigor, que non teñan acceso á pensión de xubilación por falta de anos de cotización á Seguridade Social e non cumpran os requisitos establecidos na Orde do 8 de agosto de 2007, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para que as/os mariscadoras/es a pé poidan completar os períodos mínimos de cotización ao réxime especial dos traballadores do mar co obxecto de acadar pensión de xubilación, renovada no ano 2008, así como a súa convocatoria para o ano 2009.

Artigo 2º.-*Beneficiarios das axudas.*

Poderán solicitar as axudas reguladas nesta orde as/os mariscadoras/es a pé que o 1 de xaneiro de 2009 acaden todas e cada unha das situacións sinaladas a seguir:

- a) Que teñan cumpridos os 65 anos a partir do 1 de xaneiro de 2009 ou que os cumpran ao longo do ano natural.
- b) Que na data de cumprimento dos 65 anos estiveren autorizadas para o exercicio do marisqueo a pé.
- c) Que non se deran de alta no réxime especial do mar por ter resolución xudicial no seu día que as/os eximía de tal obriga.
- d) Que non teñan acceso á pensión de xubilación por falta de anos de cotización á Seguridade Social.
- e) Que non cumpran os requisitos establecidos na Orde do 8 de agosto de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para que os mariscadores a pé poidan completar os períodos mínimos de cotización ao réxime especial dos traballadores do mar co obxecto de acadar pensión de xubilación, renovada no ano 2008.
- f) Que acrediten estaren dadas de alta no réxime especial do mar no momento de presentar a solicitude.

Artigo 3º.-*Requisitos dos/as beneficiarios/as.*

As/Os beneficiarias/os deberán:

- a) Teren exercida a actividade marisqueira a pé antes da publicación desta orde.
- b) Cumpriren as condicións do artigo 2º.
- c) Acreditaren, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión, que están ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como que non teñan pen-

dente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma.

d) Non ser beneficiario de ningunha outra axuda para a mesma finalidade e non ser perceptor de pensión de xubilación ou incapacidade permanente.

Artigo 4º.-*Contía das axudas.*

1. Os beneficiarios percibirán unha axuda asistencial máxima de 6.300 euros nun só pagamento anual. Naqueles supostos de cumprir os 65 anos durante o ano 2009, terán dereito a percibir a contía minorada en doceavas partes.

2. A axuda percibirase ao longo do ano natural, iniciando os seus efectos económicos na data de cumprimento das condicións indicadas no artigo 2º e nunca antes do 1-1-2009.

3. A contía das axudas está condicionada, en todo caso, á existencia de dispoñibilidades orzamentarias, polo que se estas foren insuficientes, procederíase ao seu rateo entre os beneficiarios, conforme o disposto no número 3 do artigo 19, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 5º.-*Dotación orzamentaria.*

As axudas concederanse con cargo aos créditos previstos na aplicación orzamentaria consignada nos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2009:

Aplicación: 14.01.721A.780.1.

Importe: 90.000 euros.

Artigo 6º.-*Prazo de presentación de solicitudes.*

O prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde.

Artigo 7º.-*Solicitudes.*

1. As solicitudes para acceder a estas axudas presentaranse na oficina do Rexistro Único e Información da Xunta de Galicia ou nalgún dos seus rexistros auxiliares. Así mesmo, poderán presentarse nos demais lugares e formas previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Poderán presentar a solicitude todas as persoas interesadas que reúnan as condicións e requisitos exixidos nos artigos 2º e 3º, no momento de publicación desta orde, así como aquelas que esperen aca-dalos ao longo do ano 2009.

2. As solicitudes formalizaranse nos impresos oficiais que se inclúen no anexo I desta orde e deberán acompañar os seguintes documentos:

a) Copia cotexada do documento nacional de identidade.

b) Informe da vida laboral expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

c) Declaración de non ser beneficiario de ningunha outra axuda para a mesma finalidade e de non ser perceptor de pensión de xubilación ou incapacidade permanente (anexo II).

d) Certificación acreditativa da alta no réxime especial do mar, expedida polo Instituto Social da Marina.

e) Declaración responsable de non estar incurso en prohibición que lle impida ter a condición de beneficiario de subvencións (anexo III).

f) Anexo IV debidamente cuberto.

g) Certificación bancaria do número de conta.

A non presentación dos documentos recollidos nas alíneas a), b), c) ou d) xunto coa solicitude será causa de arquivo da solicitude.

3. De acordo co establecido no artigo 20.3º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude de concesión da axuda comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, co fin de acreditar que o solicitante está ao día nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ten pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega. Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, e deberá presentar entón as certificacións. Igualmente, se por razóns técnicas ou doutra índole estes certificados non puidesen ser obtidos polo órgano xestor, poderán serlle requiridos ao interesado.

4. Os solicitantes deberán comunicar á consellería, no prazo máximo de cinco días, toda variación que se produza na súa situación respecto da Seguridade Social. Así mesmo, no caso de falecemento dalgún solicitante, este feito deberá ser comunicado polos seus herdeiros, coa maior brevidade posible, presentando a correspondente certificación de defunción.

Artigo 8º.-*Emenda.*

1. Revisadas as solicitudes pola Secretaría Xeral da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, poderáselles reclamar en caso de documentación incompleta ou defecto desta, por escrito, aos interesados, para que nun prazo de dez (10) días remitan cantos datos, documentos complementarios e aclaracións se consideren necesarios para poder resolver o expediente, coa indicación de que, se así non o fixeren, se considerará que desistiron da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Sen prexuízo do anterior, en calquera momento do procedemento a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos poderá requirir aqueles datos ou documentos complementarios que resulten necesarios para a tramitación e adopción da resolución que proceda.

Artigo 9º.-*Procedemento de concesión e órgano avaliador.*

1. Polo obxecto e finalidade destas axudas, que se concederán, dentro dos límites orzamentarios, a

todos os beneficiarios que reúnan os requisitos exixibles, non será necesario realizar nin comparación nin prelación das solicitudes presentadas, polo que neste procedemento non procede a concorrencia competitiva.

2. A concesión destas axudas tramitarase polo procedemento abreviado establecido no artigo 22 de Lei 9/2007, polo que non intervirá o órgano avaliador a que se refire a citada norma legal.

Artigo 10º.-*Resolución e aceptación.*

1. A resolución destas axudas correspóndelle á conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos. Non obstante, de acordo co sinalado nos artigos 7.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a resolución destas axudas queda delegada no secretario xeral da consellería.

2. A resolución de concesión da axuda, así como a súa notificación aos beneficiarios, realizarase segundo o sinalado no título I da Lei 9/2007 citada.

3. O prazo máximo para a duración do procedemento será de 60 días e computarase conforme o sinalado no artigo 48 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e a partir da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* (artigo 23.4º da Lei 9/2007).

Artigo 11º.-*Recursos.*

Contra a resolución que se dite, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición ante a conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos no prazo dun (1) mes, ou recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente no prazo de dous (2) meses, contados, en ambos os casos, a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, que sempre será expresa.

Artigo 12º.-*Xustificación e pagamento.*

1. A axuda liquidarase dunha soa vez e unirase a seguinte documentación, relativa a cada beneficiario:

a) Certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social e de non ter débedas pendentes, por ningún concepto, coa Administración da comunidade autónoma.

b) Certificación bancaria do número de conta.

Artigo 13º.-*Obrigas das persoas beneficiarias.*

1. Os beneficiarios deberán comunicar á consellería, no prazo de cinco días, calquera modificación das condicións tidas en consideración para a concesión da axuda.

2. Os beneficiarios someteranse ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectúe a consellería, ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ás que a lexislación vixente atribúe a outros organismos da comunidade autónoma.

3. Igualmente, someteranse ás obrigas establecidas na Lei 9/2007 citada.

Artigo 14º.-*Causas de extinción da axuda.*

A percepción da axuda extinguirase polas seguintes causas:

a) Por quedar a/o beneficiaria/o comprendida/o, pola realización de actividade, no campo de aplicación de calquera réxime dos que integran o sistema da Seguridade Social.

b) Por adquirir a condición de pensionista de xubilación ou de incapacidade permanente en calquera dos réximes do sistema da Seguridade Social.

c) Por falecemento da/o beneficiaria/o.

Artigo 15º.-*Reintegro.*

Procederá o reintegro da axuda nos supostos sinalados no título II, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposicións adicionais

Primeira.

1. A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos publicará no *Diario Oficial de Galicia* as subvencións concedidas con suxeición a esta orde, indicando o programa e crédito orzamentario a que se imputan, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención.

2. Así mesmo, de conformidade co establecido no artigo 13, punto 4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos publicará na súa páxina web oficial a relación de beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web.

Segunda.-En todo o non previsto nesta orde observarase o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, no que non se opoña ao establecido na Lei 9/2007, e nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o secretario xeral para que dite as resolucións necesarias para o desenvolvemento e a aplicación desta orde.

Segunda.-Esta orde producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2009.

Carmen Gallego Calvar
Conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE PESCA
E ASUNTOS MARÍTIMOS
Secretaría Xeral

ANEXO I

PROCEDEMENTO AXUDAS ASISTENCIAIS AOS/ÁS MARISCADORES/AS A PÉ	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PE154A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DA/O SOLICITANTE

NOME E APELIDOS				NIF/CIF	
ENDEREZO			PROVINCIA		CONCELLO
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TÉLEFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	

E na súa representación

NOME E APELIDOS				DNI	
ENDEREZO			PROVINCIA		CONCELLO
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TÉLEFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	

OBXECTO

AXUDA ASISTENCIAL E DE SUBSISTENCIA	IMPORTE DA SUBVENCIÓN QUE SOLICITA

DECLARO: que reúno todos os requisitos da convocatoria.**ACEPTO:** o compromiso de someterme ás normas da convocatoria e facilitar a información e documentación que se solicite.**AUTORIZO:** o órgano xestor para solicitar dos organismos competentes os certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social e non ter débedas pendentes de pagamento á Xunta de Galicia. Non obstante, se por razóns técnicas ou doutra índole estes certificados non puidesen ser obtidos, poderán serme requiridos.**AUTORIZO:** de conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación de beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e á súa publicación na páxina web.

RELACIÓN DE DOCUMENTACIÓN QUE SE ACOMPAÑA Á SOLICITUDE

- ☐ Documento nacional de identidade da/do asinante da solicitude.
- ☐ Declaración de non ser beneficiaria/o de ningunha outra axuda para a mesma finalidade e de non ser perceptora/or de pensión de xubilación ou incapacidade permanente (anexo II).
- ☐ Declaración responsable de non estar incursa/o en prohibición para obter a condición de beneficiaria/o de subvencións (anexo III).
- ☐ Anexo IV, debidamente cumprimentado.
- ☐ Certificación bancaria do número de conta.
- ☐ Copia da sentenza xudicial.

Quen abaixo asina DECLARA QUE: lle presta expresamente o seu consentimento á consellería para que, de acordo co establecido nos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, no xeito que determine o órgano competente.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 18 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para o acceso a axudas asistenciais dos/as mariscadores/as a pé.

SIGNATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

Lugar e data

, de de 20

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA

Secretario xeral da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos

Edificio administrativo San Caetano, s/n, bloque 5-2º andar (Santiago de Compostela)

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE PESCA
E ASUNTOS MARÍTIMOS
Secretaría Xeral**ANEXO II****DECLARACIÓN SOBRE OUTRAS AXUDAS OU PRESTACIÓNS**

Dna/D. [] con DNI [],
solicitante das axudas reguladas na Orde do [], pola que se establecen as bases reguladoras para o acceso a axudas
asistenciais ás/aos mariscadoras/es a pé.

**DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE QUE SON CERTOS OS DATOS QUE ABAIXO FIGURAN ACERCA
DO FINANCIAMENTO DA ACTUACIÓN:**Axudas concedidas:

- ☐ Non solicitei nin se me concedeu ningunha outra axuda para este mesmo suposto.
☐ Non son beneficiaria/o de prestación de pensión de xubilación ou incapacidade permanente.

Lugar e data

, de de 20

(Sinatura)

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE PESCA
E ASUNTOS MARÍTIMOS
Secretaría Xeral**ANEXO III****DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO NA PROHIBICIÓN PARA OBTENIR A CONDICIÓN
DE BENEFICIARIO DE SUBVENCIONES**

Dna/D. [] con DNI [],
solicitante das axudas reguladas na Orde do [], pola que se establecen as bases reguladoras para o acceso a axudas
asistenciais ás/aos mariscadoras/es a pé.

DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Que non estou incursa/o en ningún dos supostos da Lei 12/1995, do 11 de maio, de incompatibilidades dos membros do Goberno da nación y dos altos cargos da Administración xeral do Estado, da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades de persoal ao servizo das administracións públicas, nin desempeño ningún dos cargos electivos regulados na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral

E QUE:

Non estou incursa/o en ningunha circunstancia que me inhabilite para ser beneficiaria/o de axudas e subvencións e, en particular:

- Non fun condenada/o mediante sentenza firme á pena de perda de posibilidade de obter subvencións e axudas públicas.
- Non deu lugar, por causa de que fose declarada/o culpable, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.
- Non fun sancionada/o mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, ou a Lei xeral tributaria.

Lugar e data

, de de 20

(Sinatura)

**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PESCA
E ASUNTOS MARÍTIMOS
Secretaría Xeral

ANEXO IV**AUTORIZACIÓNS EXPRESAS**

Dña/D. con DNI ,
solicitante das axudas reguladas na Orde do , pola que se establecen as bases reguladoras para a acceso a axudas asistenciais ás/aos mariscadoras/es a pé.

AUTORIZO DE XEITO EXPRESO A CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS:

1º) Para solicitar ao Instituto Social da Mariña, á Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou á entidade da Seguridade Social que corresponda, información relativa á non percepción pola/o beneficiaria/o de pensión de xubilación ou incapacidade permanente.

2º) Para pedir ao Instituto Social da Mariña, á Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou á entidade da Seguridade Social que corresponda, información da súa vida laboral para os únicos efectos da orde indicada.

Lugar e data

, de de 20

(Sinatura)

**CONSELLERÍA DE VIVENDA
E SOLO**

Orde do 18 de febreiro de 2009 pola que se convocan as subvencións a fondo perdido para a rehabilitación e renovación de calidade de vivendas no medio rural e conxuntos históricos de Galicia.

O Decreto 157/2006, do 7 de setembro, establece os requisitos, procedementos e incentivos para unha rehabilitación e renovación de calidade das vivendas e edificios, tanto no medio rural como nos conxuntos históricos de Galicia. No citado decreto establécese, ademais, que as subvencións recollidas nel se regularán por ordes anuais de convocatoria.

A disposición derradeira primeira do citado Decreto 157/2006, do 7 de setembro, outórgalle á conselleira de Vivenda e Solo, no marco das súas competencias, a potestade de ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a súa aplicación.

A Orde do 13 de decembro de 2006 regula o procedemento de obtención, as actuacións previstas, os requisitos exixidos e canto sexa necesario para a obtención da resolución de conformidade coas actuacións propostas para a obtención da cédula de rehabilitación de calidade, que constitúe un requisito necesario da vivenda para ser beneficiario das subvencións en materia de rehabilitación e renovación.

Na Orde do 27 de maio de 2008 aprobáronse as bases reguladoras das subvencións, con vixencia indefinida e detallouse o seu procedemento de concesión.

Mediante esta orde convócanse as subvencións para o exercicio económico 2009, establécese o prazo de presentación de solicitudes de subvencións e indícase o seu importe máximo e a partida orzamentaria en que figuran os créditos que a amparan.

En virtude do exposto anteriormente, e en uso das facultades que teño atribuídas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, e desenvolvida polo Decreto 211/2005, do 3 de agosto, e o Decreto 505/2005, do 22 de setembro,

DISPOÑO:**Artigo 1º.-Obxecto da convocatoria.**

Esta orde ten por obxecto abrir a convocatoria no exercicio económico de 2009, nun procedemento de concorrencia non competitiva, das subvencións a fondo perdido para as persoas promotoras de actuacións de rehabilitación e renovación de calidade de vivendas no medio rural e conxuntos históricos de Galicia, de acordo co establecido no artigo 4º do Decreto 157/2006, do 7 de setembro, publicado no DOG nº 181, do 19 de setembro de 2006, modificado polo Decreto 90/2008, do 24 de abril, publicado no